

ORDENANZA FISCAL Nº 27 REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DE TERREOS DE USO PÚBLICO LOCAL CON MERCANCÍAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCIÓN, ESCOMBROS, VALOS, PUNTAIS, ASNILLAS, ESTADAS E OUTRAS INSTALACIÓNS ANÁLOGAS

ARTIGO 1. FUNDAMENTO E OBXECTO.

En uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Concello da Coruña establece a Taxa por utilización privativa ou aproveitamentos especiais de terreos de uso público local por ocupación con mercancías, materiais de construción, escombros, valos, puntais, asnillas, estadas e outras instalacións análogas, a que se refire o artigo 20. 3 g) do propio real decreto legislativo, que se rexerá pola presente ordenanza fiscal, cuxas normas atenden ao previsto no artigo 57 do citado real decreto legislativo.

ARTIGO 2. FEITO IMPOÑIBLE.

Constitúe o feito impoñible desta taxa a realización das ocupacións seguintes:

- a) Valos, grúas, elevadores, estadas e outras instalacións semellantes, colocadas na vía pública para a protección ou o servizo das obras contiguas.
- b) Puntais, asnillas e toda clase de apeos de edificios.
- c) Ocupación con mercancías, materiais de construción, escombros ou outros elementos similares cuxo destino non sexa permanecer no dito lugar.

ARTIGO 3. BENEFICIOS FISCAIS.

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos en normas con rango de lei e nos tratados internacionais.

ARTIGO 4. OBRIGADOS TRIBUTARIOS.

1. Son obrigados tributarios, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas e as entidades a que se refire o artigo 35.4 da Lei xeral tributaria a cuxo favor se outorguen as licenzas, ou quen se beneficie ou realice os aproveitamentos, se se procedeu sen a oportuna autorización.
Se o aproveitamento se realizase sen obter a licenza, considerarase que ten a condición de suxeito pasivo o titular da empresa que execute as obras ou o dono destas, se fose coñecido.
2. Serán responsables solidarios da débeda tributaria as persoas ou entidades a que se refire o artigo 42 da Lei xeral tributaria.
3. Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores e liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 43 da Lei xeral tributaria.

ARTIGO 5. BASE IMPOÑIBLE.

Tomarase como base para calcular a cota, o tempo de duración do aproveitamento e os metros cadrados de vía pública obxecto de ocupación.

ARTIGO 6. TARIFAS.

Esixiranse as seguintes tarifas:

	EUROS
1 Valos, grúas, elevadores, estadas e outras instalacións semellantes	4,01

	colocadas na vía pública, por m2 ou fracción, ao mes	
2	Valos, grúas, elevadores, estadas e outras instalacións semellantes con publicidade colocadas na vía pública, por m2 ou fracción, ao mes	5,82
3	Valos, grúas, elevadores, estadas e outras instalacións semellantes colocadas na vía pública, cando estean instaladas por período superior a seis meses, a partir do primeiro día posterior ao dito termo, por m2 ou fracción ao mes	4,76
4	Valos, grúas, elevadores, estadas e outras instalacións semellantes con publicidade colocadas na vía pública, cando estean instaladas por período superior a seis meses, a partir do primeiro día posterior ao dito termo, por m2 ou fracción ao mes	6,68
	A partir do primeiro día do décimo terceiro mes, experimentarán un incremento mensual acumulativo, sobre as tarifas dos dous parágrafos anteriores, do 10%, excepto nos casos de paralización das obras imposta pola Administración Pública	
5	Puntais, asnillas e outros elementos de apeo dos edificios, por unidade e mes	1,05
6	Ocupacións con mercancías, materiais de construción, escombros ou outros elementos similares, incluso cando se depositen en vagóns, colectores e análogos, cota diaria por m2 ou fracción	0,57
7	Colectores de obra en vía pública	
7.1	Colectores de obra de ata 4 m3, por día ou fracción	4,52
7.2	Colectores de máis de 4 m3 ata 7 m3, por día ou fracción	6,78
8	Cando os anteriores aproveitamentos non se produzan en rúa de 1ª categoría fiscal, o importe resultante da aplicación das anteriores tarifas multiplicarase polos seguintes coeficientes para determinar a cota:	
	Categoría rúa	Coeficiente
	segunda	0,90
	terceira	0,80
	cuarta	0,70
	quinta	0,60
	sexta	0,50
9	Con carácter mínimo e sempre que por aplicación das anteriores tarifas non se alcance o dito importe, esixiranse	37,78

ARTIGO 7. XERACIÓN DA TAXA.

1. A taxa xerarase na súa totalidade no momento de solicitarse a licenza ou de iniciarse o aproveitamento, cando non se obtivese a correspondente licenza.

2. As cotas non serán reducibles.

ARTIGO 8. NORMAS DE XESTIÓN.

1. Esixirase o depósito previo do importe da taxa a que se refire esta ordenanza. Poderase establecer a obriga de autoliquidar o importe e ingresar simultaneamente a cantidade resultante.
2. As licenzas para realizar estes aproveitamentos solicitaranse por medio dunha instancia por triplicado dirixida á Xunta de Goberno Local, acompañada dos documentos que teña que presentar o interesado. Tramitado o expediente ditarase a resolución que lles será notificada ao interesado e aos servizos encargados da súa execución. Nesta resolución revisarase a liquidación levada a cabo realizando os aboamentos ou esixindo as diferenzas que procedan. Non se devolverá a fianza constituída ata que se acredite o cumprimento das obrigas de toda índole.
3. Para a colocación de colectores de obra en vía pública deberá realizarse a comunicación prevista no artigo 46 da Ordenanza municipal de residuos e limpeza viaria. O Concello liquidará trimestralmente a taxa correspondente segundo a comunicación prevista, e de acordo coas comprobacións efectuadas pola inspección municipal ou policía local nos informes correspondentes.
4. As solicitudes de prórroga dos prazos inicialmente concedidos tramitaranse como unha nova licenza, e deberá constituírse un novo depósito polo prazo de prórroga que se solicita. A falta de solicitude de prórroga provocará que se considere o aproveitamento realizado como falta de autorización con aplicación das sancións que procedan.

ARTIGO 9. INFRACCIÓNS E SANCIÓNS TRIBUTARIAS.

Para a cualificación das infraccións tributarias, así como das sancións que a elas corresponden en cada caso, estarase ao disposto nos artigos 178 e seguintes da Lei xeral tributaria e na Ordenanza xeral de xestión.

DISPOSICIÓN FINAL.

A presente ordenanza, que consta de nove artigos, foi aprobada polo pleno na sesión realizada o 23 de decembro de 2023, entrará en vigor o día 1 de xaneiro do 2024 e aplicarase mentres non se acorde a súa modificación ou derogación

